

LIÑA DE TRANSFORMACIÓN EMPRESARIAL DE XESGALICIA, SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U.

Reseña histórica de XESGALICIA

Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A. (Sociedade Unipersoal) -en diante, "Xesgalicia"-, foi constituída o 18 de marzo de 1999 coa denominación de Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A. Desde o 23 de marzo de 1999 a Sociedade está inscrita co número 12 no Rexistro de Entidades Xestoras de Capital Risco da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

XESGALICIA atópase suxeita, principalmente, ao disposto na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital-risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de Institucións de Investimento Colectivo, e que derogou a Lei 25/2005, do 24 de novembro reguladora de entidades de capital – risco e as súas sociedades xestoras.

O domicilio social da Sociedade atópase en Santiago de Compostela, rúa Ourense 6.

Na actualidade, constitúe o seu obxecto social, de acordo co establecido nos seus Estatutos, a administración, representación e xestión de Fondos de Capital - Risco e de activos de Sociedades de Capital - Risco. Como actividade complementaria poderá realizar tarefas de asesoramento ás empresas coas que manteña vinculación como consecuencia do exercicio da súa actividade conforme ao disposto na Lei de Entidades de Capital Risco.

Obxectivos de Liña de Transformación Empresarial

XESGALICIA colabora (mediante as entidades de capital risco por ela administradas) no desenvolvemento do tecido empresarial galego con múltiples iniciativas, tal e como a participación na Rede galega de aceleradoras de apoio ao emprendemento innovador, o financiamento directo de decenas de proxectos industriais ou mediante a creación liñas específicas de financiamento, tal e como a destinada á produción de material de protección ante o coronavirus.

En coherencia co anterior e no marco dos obxectivos de reactivación do tecido empresarial e da transformación e crecemento do tecido empresarial trala crise do COVID-19, o Consello de Administración de XESGALICIA, na súa reunión do 22 de febreiro de 2021, acordou aprobar os criterios reguladores dunha nova liña de financiamento denominado “Liña de Transformación Empresarial”, destinada especificamente á transformación e modernización empresarial. Dita liña será instrumentalizada a través das entidades de capital risco xestionadas por parte de XESGALICIA.

Este documento non debe ser entendido como unhas bases reguladoras dun proceso de selección sometido ás normativas de contratación pública, senón como un texto cuxo obxecto é difundir esta liña de financiamento específico e facilitar o acceso á mesma aos potenciais interesados. Así mesmo, o presente documento non poderá interpretarse como excluínte de calquera outra modalidade de investimento ou coinversión existente ou que poida existir no futuro na actividade propiamente dita de Xesgalicia e das entidades por ela xestionadas.

A liña será instrumentada mediante as diferentes entidades de capital risco administrados por parte de Xesgalicia. As operacións formalizadas no marco da presente liña terán a mesma consideración e tratamento posterior que as restantes operacións formalizadas no devandito ámbito do capital risco.

LIÑA DE TRANSFORMACIÓN EMPRESARIAL

Artigo 1. Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios da “*Liña de Transformación Empresarial*” as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Realizar unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto do proxecto de investimento, localizado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Aceptación e compromiso de execución dun Plan estratéxico transformacional (elaborado por parte dun experto independente) da súa actividade.
- c) Cumprimento dos requisitos e condicións detallados nos sucesivos artigos e anexos.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarios:

- a) Empresas cuxa orientación estratéxica non considere un proceso de transformación.
- b) Entidades financeiras e asimiladas.
- c) Empresas cuxa actividade principal sexa a promoción inmobiliaria.
- d) Empresas que coticen ou emitan valores cotizados en mercados de valores secundarios.
- e) As empresas inmersas nun procedemento obxectivo de insolvencia, ou que reúnan os requisitos para someterse a un procedemento de quebra ou insolvencia a pedimento dos seus acredores. En particular entenderanse nesta situación ao atoparse declarados en concurso, salvo que adquira eficacia un convenio ou un acordo de re-financiamento.

Artigo 2. Características dos proxectos que se van a financiar

1. XESGALICIA poderá financiar (a través das entidades de capital risco que xestiona) proxectos empresariais viables na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os proxectos empresariais deberán basearse nunha estratexia de transformación produtiva, organizativa ou societaria. Neste sentido, poderán resultar financiáveis proxectos de integración (vertical ou horizontal), proxectos destinados á internacionalización, melloras de produtos ou procesos produtivos, melloras tecnolóxicas, dixitalización de procesos, innovación, profesionalización de equipo de xestión/directivo, reestruturación societaria (“Management Buy Out”, “Management Buy In”,...), etc.

3. Non serán financiáveis meras substitucións de bens, gastos de amortización, saneamento de contas, o simple financiamento ou refinanciamento de débedas ou pago de impostos.

4. XESGALICIA poderá financiar proxectos empresariais simultaneamente con varias modalidades de produto reguladas no presente texto. Así mesmo, poderán financiarse proxectos empresariais previamente financiados a través doutras liñas ou iniciativas por ela administradas.

Artigo 3. Plan estratéxico transformacional

1. Resultará necesaria a execución dun Plan estratéxico transformacional por parte das empresas beneficiarias da liña de financiamento. O devandito requisito xorde dos propios obxectivos da liña de financiamento, orientada á transformación e modernización empresarial, fomentados por parte de XESGALICIA. O adecuado cumprimento do Plan estratéxico transformacional por parte das empresas beneficiarias poderá xerar unha redución significativa no custo asociado ao financiamento concedido.
2. O Plan estratéxico transformacional, que perseguirá os obxectivos aspiracionais e a visión de futuro establecidos pola empresa solicitante, deberá ser concretado co establecemento de medidas específicas, así como dun calendario de execución asociado (en todo caso un período inferior a 36 meses).
3. A obxecto de colaborar no deseño e na concreción final do Plan estratéxico transformacional contarase con servizos de consultoría por parte dun experto independente. Neste sentido, o custo da devandita colaboración formará parte do conxunto de custos asociados á análise de investimentos de XESGALICIA. A empresa beneficiaria non poderá participar no proceso de selección ou contratación do mencionado experto independente.
4. O Plan estratéxico transformacional elaborado no marco da presente liña de financiamento, coa súa concreción final, deberá ser aceptado por parte dos órganos de goberno da empresa beneficiada, comprometéndose ao seu cumprimento. Durante a vixencia do financiamento estableceranse mecanismos de supervisión conxunta en relación ao grao de cumprimento alcanzado en Plan estratéxico transformacional.
5. Á finalización do período de execución do Plan estratéxico transformacional deberá acreditarse o seu cumprimento por parte da empresa beneficiaria.

Artigo 4. Características das modalidades de financiamento

1. As características específicas de cada modalidade de financiamento, serán as detalladas no anexo II.
2. En función das características do proxecto para financiar, XESGALICIA poderá establecer cláusulas de salvagarda adicionais.
3. En caso de producirse o incumprimento total ou parcial das condicións do contrato de financiamento, XESGALICIA poderá dalo por vencido, e requirirá o reembolso total ou parcial, segundo corresponda do capital vivo e os intereses/rendemento devindicados.
4. Garantías: XESGALICIA poderá tomar as garantías de cumprimento adecuadas segundo as características de cada operación e segundo o establecido no Anexo II para cada unha das modalidades de financiamento.
5. Dereito privado: os contratos mediante os que se formalicen as operacións someteranse ao dereito privado.

Artigo 5. Criterios de selección de proxectos

1. XESGALICIA terá en todo momento plena liberdade de criterio e de análise polo que queda totalmente eximida e expresamente liberada de calquera dano, prexuízo, reclamación ou indemnización que se puidese producir á empresa solicitante ou a calquera terceiro como consecuencia das valoracións, análises, expectativas, deliberacións e/ou acordos de estimación ou desestimación que se puidesen producir, sen ningunha excepción.
2. Os proxectos que cumpran as condicións necesarias serán avaliados, dentro do marco exposto no punto previo, conforme aos seguintes criterios xerais:
 - a) Potencial transformador e dos obxectivos de transformación por parte da empresa solicitante.
 - b) Viabilidade financeira e económica do proxecto.
 - c) Experiencia e antecedentes da empresa, así como dos seus promotores e dirección.
 - d) Riscos asociados ao proxecto empresarial.
3. As solicitudes que cumpran os requisitos e criterios xerais previamente expostos poderán resultar beneficiadas dunha ou varias das modalidades de produto establecidas no Anexo II, unha vez obtida a validación e autorización previa por parte de diferentes órganos colexiados internos de XESGALICIA.

Artigo 6. *Solicitud e documentación complementaria necesaria para a tramitación*

1. Forma e lugar de presentación de solicitudes. Para presentar a súa solicitude a empresa solicitante deberá cubrir os formularios descritivos das circunstancias do solicitante e do proxecto detallados no Anexo I (común para todas as modalidades de produto), así como aquela información adicional complementaria sinalada no anexo II, no seu caso, para cada modalidade de produto. Dita información será remitida, debidamente asinada, ao correo electrónico xesgalicia@xesgalicia.org.
2. O Departamento de Investimentos de XESGALICIA procederá á análise da documentación recibida, podendo en calquera momento proceder á solicitude de aclaracións ou documentación adicional.

Artigo 7. *Análise das solicitudes e resolución*

1. As solicitudes de financiamento serán avaliadas polo Departamento de Investimentos de XESGALICIA.
2. Como parte do proceso de análise o Departamento de Investimentos de XESGALICIA avaliará, no seu caso, o resultado final da concreción do Plan estratéxico transformacional efectuado.
3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución estará condicionado polo tempo necesario para efectuar a concreción do Plan estratéxico transformacional.

Artigo 8. Procedemento de concreción do Plan estratéxico transformacional.

1. Para a concreción final do Plan estratéxico transformacional (mantendo en todo caso os obxectivos aspiracionais e a visión de futuro establecidos pola empresa solicitante na súa solicitude inicial) a empresa beneficiaria contará coa colaboración (asesoramento metodolóxico, orientación estratéxica, determinación e priorización de fitos e prazos, etc.) dun experto independente. Dita colaboración será obrigada a obxecto de asegurar unha concreción metodolóxicamente consistente e mesurable.

2. A contratación do experto independente será unicamente efectuada para aquelas solicitudes de financiamento que cumpran simultaneamente os condicionantes e criterios xerais de selección, fosen avaliadas preliminarmente de forma favorable por parte do Departamento de Investimentos de XESGALICIA e, no seu caso, por parte dos diferentes órganos colexiados internos de XESGALICIA. Antes de iniciar devandito proceso de contratación XESGALICIA informará á empresa solicitante. A avaliación preliminar efectuada non condicionará o resultado final do proceso de avaliación por parte de XESGALICIA.

3. O proceso de contratación do experto independente estará regulado por un acordo marco, mediante o cal XESGALICIA seleccionará a varios licitadores (cun mínimo de tres e un máximo de cinco) cun criterio baseado na súa capacitación técnica. Unha vez seleccionados os licitadores participantes no acordo marco, XESGALICIA articulará un proceso de contratación específico para cada operación unicamente entre os mesmos.

4. Para articular o proceso de contratación do experto independente, a empresa solicitante autorizará aos licitadores participantes no acordo marco o acceso á información proporcionada pola mesma. No devandito contexto, os licitadores participantes deberán acreditar a súa independencia respecto da empresa solicitante e asegurar a necesaria confidencialidade respecto da información á cal tivesen acceso.

5. Unha vez seleccionado o licitador específico que colaborará na concreción final do Plan estratéxico transformacional, a empresa solicitante comprometerase a colaborar activamente co licitador, a obxecto de desenvolver en colaboración unha concreción final no menor tempo posible.

6. A concreción final do Plan estratéxico transformacional será posta ao dispor de XESGALICIA, a obxecto da valoración final respecto do proxecto e do financiamento solicitado.

Artigo 9. Obrigacións dos beneficiarios

1. Son obrigacións dos prestatarios:

a) Colaborar activamente co experto independente seleccionado por XESGALICIA na concreción final do Plan estratéxico transformacional, a obxecto de desenvolver en colaboración unha concreción final no menor tempo posible.

b) Xustificar ante XESGALICIA o cumprimento do Plan estratéxico transformacional, así como dos diferentes condicionantes específicos de cada operación de financiamento.

Advírtese que un incumprimento inxustificado do Plan estratéxico transformacional poderá ser motivo da aplicación dunha recarga sobre o custo financeiro explícito ou implícito da operación de financiamento, así como a resolución e vencemento anticipado, total ou parcial, da operación de financiamento ou a repercusión do custo asociado ao Plan estratéxico transformacional.

XESGALICIA poderá aceptar variacións non significativas respecto do Plan estratéxico transformacional, coa dobre condición de que a variación non supere un 33% dos obxectivos de transformación e que, no seu conxunto, non se desvirtúen as características do proxecto e condicións que foron tidas en conta para resolver a concesión.

c) XESGALICIA realizará un seguimento do financiamento que poderá conlevar a participación en consello de administración, comité de dirección ou órganos análogos da compañía financiada. Adicionalmente, a compañía financiada deberá proporcionar tanta información financeira e de evolución do plan de estratéxico transformacional sexa solicitada por XESGALICIA, para un adecuado seguimento e control do financiamento.

Artigo 10. Vencemento anticipado e resolución do contrato de financiamento

XESGALICIA poderá resolver o contrato de financiamento, declarando un vencemento anticipado cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Non atender aos requirimentos que realice XESGALICIA co fin de que se poida comprobar o correcto cumprimento do Plan estratéxico transformacional.
- b) No caso de acreditarse un incumprimento xeneralizado do Plan estratéxico transformacional asociado ao proxecto, así como un dolo manifesto por parte da empresa beneficiaria.
- c) No caso de operacións de préstamo, a falta de pago pola prestataria de cantidades debidas por principal e/ou intereses por importe equivalente ao devindicado nun prazo de tres meses.
- d) A inexistencia, inexactitude substancial ou falsidade de información facilitada pola prestataria na solicitude que fose determinante para a súa aprobación.
- e) Non encontrarse a prestataria ao corrente de pago de obrigacións de reintegro de subvencións con cargo a fondos da Comunidade Autónoma de Galicia ou organismos dependentes, así como non encontrarse reiteradamente ao corrente no cumprimento de obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

ANEXO I

INFORMACIÓN REQUIRIDA COMÚN PARA TODAS AS MODALIDADES DE PRODUTO FINANCIERO

A solicitude e recompilación da documentación que realice XESGALICIA o será para os efectos de analizar o proxecto que se presente, sen que a revisión ou petición de calquera tipo de información ou documentación poida ser entendida, en ningún caso, como indicio ou garantía de obter financiamento para o proxecto en cuestión. Así mesmo, non se poderá utilizar o nome de XESGALICIA para outros financiamentos que se poidan solicitar para o proxecto, salvo que iso sexa expresamente autorizado por XESGALICIA, quedando esta eximida, en todo caso, das consecuencias que teña o non financiamento do proxecto, calquera que sexa a causa.

Listado de información inicial a facilitar:

- Identificación da/s persoa/s de contacto.

Presentación do proxecto e do seu carácter transformador

- Descrición xeral do proxecto, así como do seu carácter transformador para a empresa.
- Obxectivos aspiracionais e visión de futuro ao respecto do proxecto e da empresa.
- Destino da financiación solicitada e vinculación ao proceso de transformación empresarial.
- Explicación da necesidade de transformación respecto da situación actual da empresa e do seu negocio, así como dos posibles escenarios alternativos considerados.

Empresa e negocio na súa situación actual.

- Promotores do proxecto.
- Descrición do Goberno corporativo e da estrutura de control interno.
- Produto e procesos produtivos. Instalacións produtivas.
- Mercado, sector, competencia.
- Estratexia de comercialización e marketing. Contratos comerciais clave.
- Persoal actual da empresa (descrición de posibles ERE, ERTE, etc.).
- Impacto da Covid-19 e estratexia asociada.
- Detalle de propiedade industrial, patentes, marcas, etc.

Documentación financeira

- Contas anuais dos últimos 3 exercicios económicos xunto cos correspondentes informes de auditoría, no seu caso.
- Balance, conta de perdas e ganancias e estados de tesoureira a data de peche do último trimestre.
- Orzamento vixente do exercicio en curso.
- Estado de tesoureira, con detalle mensual, do primeiro ano a contar dende a situación actual.
- Pool bancario a data de peche do último trimestre e último exercicio económico pechado.
- Informe CIRBE do Banco de España.

Documentación xurídica

- Escritura de constitución e estatutos vixentes da Sociedade.
- Histórico de escrituras de modificación da composición de capital, estatutos, denominación, etc.
- Pactos sociais vixentes.
- Composición do capital e do órgano de administración.
- Certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas (AEAT, Seguridade Social e Comunidade Autónoma).
- Certificado de non ter solicitada ningunha axuda ao IGAPE como complemento a la financiación que se solicita a Xesgalicia. No caso de ter actualmente algunha axuda do IGAPE, certificado de non ter débedas con dito organismo, así como relación das axudas recibidas.
- Declaración xurada relativa a litixios e demandas nos que sexa parte a Sociedade, seus socios e/ou administradores.
- Documentación relativa á prevención del blanqueo de capitais (PBLAC):
 - CIF da empresa solicitante.
 - Formulario de identificación do cliente e titularidade real.
 - DNI (ou equivalente) do representante da Sociedade e dos titulares reais.
 - Certificado de conta corrente que inclúa a totalidade dos titulares da mesma.
 - Escrituras acreditativas dos poderes en vigor da empresa solicitante.

Formularios complementarios (*)

- Formulario de aceptación en relación ao Réxime Xeral de Protección de Datos de XESGALICIA
- Formulario de aceptación en relación ao Regulamento Interno de Publicidade e Información de XESGALICIA
- Formulario de declaración xurada de ausencia de situación concursal ou análoga

(*) Os modelos de formularios complementarios figuran como parte do Anexo III.

XESGALICIA procederá ao análise da documentación recibida, podendo en calquera momento proceder á solicitude de aclaracións ou documentación adicional á previamente exposta.

ANEXO II

MODALIDADES DE PRODUTO FINANCEIRO

1.- PRÉSTAMO PARTICIPATIVO

2.- CAPITAL

1.- PRÉSTAMO PARTICIPATIVO

a) Importes mínimo e máximo.

O importe mínimo dos préstamos para conceder será de 1.000.000 € e o máximo de 5.000.000 €.

b) Prazos de amortización e de carencia.

O prazo de amortización será un máximo de 8 anos incluíndo unha carencia na amortización do principal adaptada ás características do proxecto e a o seu plan financeiro, cun máximo de 2 anos.

c) Tipo de interese.

O tipo de interese aplicable ao longo de toda a duración da operación determinarase como resultado de sumar catro factores:

- Tipo de interese ordinario.
- Tipo de interese variable asociado ao Importe Neto da Cifra de Negocios.
- Tipo de interese variable asociado ao grao de cumprimento do Plan estratéxico transformacional.
- Tipo de interese de mora.

Tipo de interese ordinario.

Tipo de interese fixo do +2%.

Dicho tipo de interese poderá resultar incrementado en función das características do proxecto a financiar.

O capital disposto e non amortizado do préstamo devindicará diariamente (a contar dende a disposición dos fondos e ate que transcorra o prazo de vixencia do préstamo) dito interese, que liquidarase e pagarase con periodicidade trimestral e con carácter vencido o último día de cada trimestre natural.

Tipo de interese variable asociado ao Importe Neto da Cifra de Negocios.

Tipo de interese variable, determinado en función do Importe Neto da Cifra de Negocios, cun escalado crecente dende o +0% ate o +2% (maior volume de vendas implicaría maior custe financeiro).

O cálculo de dito tipo de interese variable efectuarase respecto do exercicio anterior, pechado, aprobado e auditado, procedéndose a 30 de setembro de cada ano a regularizar os intereses correspondentes a dito exercicio. En consecuencia, se a día 1 de setembro de cada ano non obran en poder de XESGALICIA as contas anuais da empresa beneficiaria, regularizarase o tipo variable aplicando o tramo máximo dos pactados. Polo tanto, o cálculo e o pago de dito tipo variable será de forma anual.

Tipo de interese variable asociado ao grao de cumprimento do Plan estratéxico transformacional.

Tipo de interese variable, asociado ao grao de cumprimento do Plan estratéxico transformacional, cun escalado crecente entre o 0% e o +4% segundo ao seguinte criterio:

- En caso de acreditarse un cumprimento total ou significativo do Plan estratéxico transformacional, non se adiciona custe variable algún.
- En caso de acreditarse un cumprimento de tipo parcial do Plan estratéxico transformacional, xerárase un custe financeiro do +2%.
- En caso de acreditarse un incumprimento xeneralizado do Plan estratéxico transformacional, xerárase un custe financeiro do +4%.
- En caso de acreditarse un incumprimento xeneralizado, así como un dolo manifesto por parte da empresa beneficiaria, xerárase un custe financeiro do +4% e procederase a repercutir integramente o custe orixinal do Plan estratéxico transformacional asociado ao proxecto.

O cálculo de dito tipo de interese variable efectuarase á conclusión do período obxectivo de cumprimento do Plan estratéxico transformacional (usualmente dous ou tres anos) e trala acreditación, por parte da empresa beneficiaria, do grado de cumprimento acadado. Polo tanto, o cálculo será único para o conxunto da operación. O tipo de interese variable asociado ao grao de cumprimento do Plan estratéxico transformacional resultará pagadoiro ao vencemento final da operación. Neste sentido, os intereses devindicados serán capitalizados, incrementando o saldo total adeudado na data de vencemento final.

Tipo de interese de mora.

Adicionalmente do dereito de resolución do préstamo, en caso de atraso no pago dalgunha das sumas debidas en virtude deste contrato, o prestatario incurrirá de pleno dereito en mora sen necesidade de requirimento previo e verase obrigado a pagar sobre la suma vencida el tipo de interese ordinario del período más 6 puntos porcentuais anuais. Ditos intereses liquidaranse coincidindo co seguinte vencemento trimestral de intereses.

Exemplo do custe total en caso de éxito transformacional e ausencia de mora.

Como resultado do previamente exposto, no caso de que unha operación de financiación non xere situacións de mora e si quede debidamente acreditado o cumprimento do Plan estratéxico transformacional, xeralmente devindicará un custe financeiro entre o +2% e +4% (resultado de agregar un tipo de interese ordinario do +2% e un tipo de interese variable vinculado ao INCN).

d) Plan de amortización.

Unha vez finalizado o período de carencia, o reintegro do préstamo realizarase en cotas semestrais vencidas, o último día de cada semestre natural, xunto coa cantidade destinada ao pago de intereses. O plan de amortización será calculado por XESGALICIA.

e) Garantías.

Non aplica, dada a natureza de préstamo participativo.

f) Comisión de investimento.

Equivalente ao 0,5% do importe efectivamente concedido.

g) Documentación específica da modalidade de produto financeiro.

Non aplica.

2.- CAPITAL

a) Importes mínimo e máximo.

O importe mínimo das aportacións de capital a conceder será de 1.000.000 € e o máximo de 5.000.000 €.

b) Desinvestimento.

A operación contará cunha cláusula de recompra, en favor da entidade de capital risco inversora, que poderá ser exercida nun prazo máximo de 8 anos. O exercicio de dita cláusula será potestativo por parte de XESGALICIA.

Os obrigados á recompra serán a sociedade beneficiaria e/ou seus socios orixinais.

O prezo da recompra será determinado como resultado de calcular dous factores sobre a inversión:

- Tasa Interna de Retorno Máxima.
- Bonificación asociada ao grao de cumprimento do Plan estratéxico transformacional.

Tasa Interna de Retorno Máxima.

Dita tasa máxima (TIR) será establecida en función das características do proxecto e dos riscos aparentes asociados. Xeralmente oscilará entre un mínimo do 7% e un máximo do 12%.

Bonificación asociada ao grao de cumprimento do Plan estratéxico transformacional.

A TIR máxima poderá beneficiarse dunha bonificación asociada ao grao de cumprimento del Plan estratéxico transformacional, cun escalado de bonificación crecente entre o 0% e o +4% segundo o seguinte criterio:

- En caso de acreditarse un cumprimento total o significativo do Plan estratéxico transformacional, obterase unha bonificación (redución) do 4% respecto de la TIR máxima.
- En caso de acreditarse un cumprimento de tipo parcial do Plan estratéxico transformacional, obterase unha bonificación (redución) do 2% respecto da TIR máxima.
- En caso de acreditarse un incumprimento xeneralizado do Plan estratéxico transformacional, non se obtería bonificación algunha.
- En caso de acreditarse un incumprimento xeneralizado, así como un dolo manifesto por parte da empresa beneficiaria, non se obterá bonificación algunha e se procederá a repercutir integramente o custe orixinal do Plan estratéxico transformacional asociado ao proxecto.

O cálculo de dita bonificación efectuarase á conclusión do período obxectivo de cumprimento del Plan estratéxico transformacional (usualmente dous ou tres anos) e trala acreditación, por parte da empresa beneficiaria, do grado de cumprimento acadado.

Exemplo de custe total en caso de éxito transformacional.

Como resultado do previamente exposto, no caso de acreditarse debidamente o cumprimento do Plan estratéxico transformacional, xeralmente devindicaría unha TIR final (neta de bonificacións) entre o +3% e +8% (resultado de agregar unha TIR entre o +7% e o +12% e aplicar unha bonificación do 4%).

c) Garantías.

Non aplica.

d) Comisión de investimento.

Equivalente ao 0,5% do importe efectivamente concedido.

e) Documentación específica da modalidade de produto financeiro.

- Copia das actas de órgano de administración e de xunta xeral da entidade solicitante dos 24 meses previos á solicitude.
- Soporte documental sobre o valor de empresa actual.

ANEXO III

FORMULARIOS COMPLEMENTARIOS

- Formulario de aceptación en relación ao Réxime Xeral de Protección de Datos de XESGALICIA
 - ✓ Modelo de formulario
 - ✓ Momento de entrega do formulario: o formulario deberá ser remitido, debidamente firmado e selado, no momento inicial de remisión da solicitude. Ate a recepción del formulario relativo ao RGPD non se iniciará o proceso de admisión.

- Formulario de aceptación en relación ao Regulamento Interno de Publicidade e Información de XESGALICIA
 - ✓ Modelo de formulario
 - ✓ Momento de entrega do formulario: a requirimento expreso por parte de XESGALICIA e, en calquera caso, antes da formalización final da operación.

- Formulario de declaración xurada de ausencia de situación concursal ou análoga
 - ✓ Modelo de formulario
 - ✓ Momento de entrega do formulario: a requirimento expreso por parte de XESGALICIA e, en calquera caso, antes da formalización final da operación.